No caso se presentarse a documentación a través da sede electrónica do Concello de Burela admitirase que se acredite mediante a achega de copia auténtica (cos requisitos e conforme ao establecido no artigo 27 da Lei 39/2015, do 2 de outubro), documento electrónico orixinal ou que conteña un código xerado electronicamente ou outro sistema de verificación que permita contrastar a autenticidade da copia mediante o acceso aos arquivos electrónicos do órgano ou organismo publico emisor.

**10.3. Prazo de presentación.** O prazo de presentación será de 3 días naturais contados a partir do día seguinte ao do seu chamamento, prazo que poderá ampliarse cando os seleccionados acrediten que non puideron presentar algún documento por causas alleas á súa vontade.

## 12.- NORMA DE FUNCIONAMENTO DA BOLSA

A vixencia da presente bolsa de emprego é de dous anos a contar dende a publicación da resolución do presente proceso selectivo coa lista de emprego resultante, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Burela.

O funcionamento da presente bolsa de emprego será o seguinte:

- a) A bolsa de traballo usarase sempre tendo en conta a orden da puntuación obtida na cualificación final.
- b) Os chamamentos ofreceranse no momento no que se produzan necesidades de cobertura temporal que a entidade decida atender deste xeito, chamando sempre por orde de lista, ás persoas en disposición de incorporarse.
- c) Calquera integrante das listas definitivas firmes poderá darse de baixa en calquera momento antes de ser requirido para a súa incorporación, bastando para elo que o comunique por escrito presentándoo no Rexistro Xeral do Concello de Burela ou a través das formas establecidas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- d) Considerando as características das necesidades a cubrir con esta Bolsa de emprego temporal, nas que poden concorrer circunstancias de inminencia e imprevisibilidade, o ofrecemento realizarase mediante envío de telegrama, burofax ou aquel outro sistema de comunicación fehaciente equivalente, dándolle un prazo de 48 horas para que acepte ou renuncie ao ofertado. De non aceptar expresamente nese prazo entenderase que renuncia e procederase ao chamamento do seguinte da lista. Así mesmo, coa finalidade de acurtar os prazos remitirase correo electrónico e tentarase comunicar por teléfono cos interesados/as. A imposibilidade de localización ou a negativa a recoller a comunicación efectuada equivalerá á renuncia ao ofertado e procederase a chamar ao seguinte da lista.

Os/as aspirantes poderán actualizar os seus datos de contacto durante a vixencia da bolsa.

e) O rexeitamento dos/das aspirantes a un eventual nomeamento cando fosen requiridos ou notificados a tal fin producirá como efectos os que se indican seguidamente:

- O primeiro rexeitamento inxustifico implicará que o/a aspirante pasará a ocupar un lugar no final da lista elaborada
- O segundo rexeitamento inxustifico implicará a expulsión definitiva da lista de emprego.

Son causas xustificadas para rexeitar o chamamento as seguintes:

- Atoparse en situación de incapacidade temporal
- Parto, permiso de maternidade, paternidade, risco para o embarazo, adopción ou situación similar.
- Falecemento, accidente ou enfermidade grave de familiar ate o segundo grao de consanguinidade ou afinidade, durante o período de duración do permiso ou licenza.
- Ter unha relación laboral ou funcionarial vixente
- Outras causas análogas debidamente xustificadas previa toma en consideración e análise polo órgano competente para resolver.

En todos os casos, a causa do rexeitamento xustificada deberá quedar acreditada no expediente. A persoa aspirante que estea incurso en causa de rexeitamento xustificada deberá comunicar ao Concello a finalización da causa de suspensión.

Nestes casos, manterase aos/ás candidatos/as no lugar ocupado orixinariamente na bolsa a efectos de ser chamada cando proceda.

f) Quedarán excluídas da lista/bolsa de emprego con carácter definitivo, as persoas que :

- a) Renuncien expresamente a formar parte da mesma
- b) Non presenten en prazo a documentación requirida para a formalización do nomeamento ao ter incorrido en falsidade nos datos declarados na instancia.
- c) Non se incorporen ao posto de traballo
- d) As persoas que estando nomeadas en virtude desta bolsa cesaran no seu posto de traballo por motivos disciplinarios.
- g) Nomeamentos. Os nomeamentos que se realicen, no seu caso, en virtude da presente bolsa de emprego, faranse en todo caso na modalidade de interino, atendendo ao ordenamento xurídico en vigor, e manterán a súa vixencia en tanto dure a causa que motivou o seu nomeamento (ex. Incapacidade temporal do titular do posto a ocupar, vacacións... etc.).
- h) O nomeamento como funcionario interino para ocupar o posto de arquitecto técnico no Concello de Burela en virtude da presente bolsa de emprego conlevará ao seu remate, que o/a aspirante pase a ocupar o último posto da lista, sempre que o tempo traballado de forma continua en virtude do referido nomeamento supere os seis meses.

### 13.- DEREITO SUPLETORIO E XURISDICIÓN.

No non sinalado nas presentes bases, estarase ao establecido na normativa básica sobre selección de persoal ao servizo da Administración Local e demais normas que resulten de aplicación, instándose aos órganos competentes da Xurisdición Contencioso-Administrativa para dirimir as controversias que se produzan na aplicación dos mencionados instrumentos xurídicos.

### 14.- RECURSOS.

Contra a resolución pola que se aproban as bases desta convocatoria, e que é definitiva en vía administrativa, poderán os/as interesados/as interpoñer potestativamente recurso de reposición ante a Alcaldía do Concello de Burela, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte da súa publicación no BOP, ou recurso contencioso administrativo, ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo, no prazo de dous meses e na forma prevista na lexislación reguladora da dita xurisdición, sen prexuízo de que poidan interpoñer calquera outro que estime procedente.

### 15.- DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os/as interesados/as autorizan ao Concello de Burela á publicación no taboleiro de edictos e na sede electrónica do Concello, dos datos persoais que consten no expediente da selección e que sexa necesario publicalos de conformidade con estas bases. A presentación da documentación requirida para participar no proceso de selección presumirá o consentimento para publicar a información nos termos indicados.

#### ANEXO I Temario

#### TEMAS XERAIS

- 1.-A Constitución Española de 1978. Estrutura e principios xerais. Dereitos e deberes fundamentais dos españois. A súa garantía e suspensión. O Tribunal Constitucional: composición e funcións. A reforma da Constitución.
- 2.- A Organización do Estado na Constitución: organización institucional ou política e organización territorial. O Estatuto de Autonomía de Galicia. A Coroa. As Cortes Xerais: referencia ao Defensor do Pobo e ao Tribunal de Contas.
- 3.- O Goberno e a Administración. Relacións do Goberno coas Cortes Xerais. O Poder Xudicial: principios constitucionais. O Consello Xeral do Poder Xudicial. O Ministerio Fiscal.
- 4.- O ordenamento xurídico-administrativo (I): A Constitución. As Leis estatais e autonómicas. Tipos de disposicións legais. Os Tratados Internacionais.
- 5.- O ordenamento xurídico-administrativo (II). O regulamento: Concepto e clases. A potestade regulamentaria. Procedemento de elaboración. Límites. O control da potestade regulamentaria.
- 6.- O administrado versus cidadán: Concepto e clases. A capacidade dos cidadáns e as súas causas modificativas. O Estatuto do cidadán: Dereitos subxectivos e intereses lexítimos, diferenzas entre ambos os conceptos e obrigacións.
- 7.- O acto administrativo. Concepto. Elementos. Clases. Requisitos: A motivación e forma.
- 8.-A eficacia dos actos administrativos: O principio de autotutela declarativa. Condicións. A notificación: Contido, prazo e práctica. A notificación defectuosa. A publicación. A aprobación por outra Administración. A demora e retroactividade da eficacia.
- 9.-A invalidez do acto administrativo. Supostos de nulidade de pleno dereito e anulabilidade. O principio de conservación do acto administrativo. A revisión de actos e disposicións pola propia Administración: Supostos. A

acción de nulidade, procedemento, límites. A declaración de lesividade. A revogación de actos. A rectificación de erros materiais ou de feito.

10.-Disposicións xerais sobre os procedementos administrativos e normas reguladoras dos distintos procedementos. A iniciación do procedemento: Clases, subsanación e mellora de solicitudes. Presentación de solicitudes, escritos e comunicacións. Os rexistros administrativos. Termos e prazos: Cómputo, ampliación e tramitación de urxencia. Ordenación. Instrución: Intervención dos interesados, proba e informes.

11.-Terminación do procedemento. A obrigación de resolver. Contido da resolución expresa: Principios de congruencia e de non agravación da situación inicial. A terminación convencional. A falta de resolución expresa: O réxime do silencio administrativo. O desestamento e a renuncia. A caducidade.

12.-Recursos administrativos: Principios xerais. Actos susceptibles de recurso administrativo. Regras xerais de tramitación dos recursos administrativos. Clases de recursos. As reclamacións administrativas previas ao exercicio de accións civís e laborais. Procedementos substitutivos dos recursos administrativos: Conciliación, mediación e arbitraje.

13.-A potestade sancionadora: Concepto e significado. Principios do exercicio da potestade sancionadora. O procedemento sancionador e as súas garantías. Medidas sancionadoras administrativas. Especial referencia á potestade sancionadora local.

14.- Os contratos do sector público: As Directivas Europeas en materia de contratación pública. Obxecto e ámbito da Lei de Contratos do Sector Público. Tipos de contratos do Sector Público. Contratos suxeitos a regulación harmonizada. Réxime xurídico dos contratos administrativos e os de dereito privado; os actos separables. Os principios xerais da contratación do sector público: Racionalidade, liberdade de pactos e contido mínimo, perfección e forma, o réxime de invalidez dos contratos e o recurso especial en materia de contratación. As partes nos contratos do sector público. Os órganos de contratación. A capacidade e solvencia dos contratistas. Prohibicións. Clasificación. A sucesión do contratista.

15.-Preparación dos contratos polas Administracións Públicas. O prezo, o valor estimado. A revisión de prezos. Garantías na contratación do sector público. Clases de expedientes de contratación. Procedementos e formas de adxudicación dos contratos. Criterios de adxudicación. Perfeccionamento e formalización dos contratos administrativos.

16.- Execución e modificación dos contratos administrativos. Prerrogativas da Administración. Extinción. A cesión dos contratos e a subcontratación.

17.- A expropiación forzosa. Suxeitos, obxecto e causa. O procedemento xeral. Garantías xurisdiccionais. A reversión expropiatoria. Tramitación de urxencia. Procedementos especiais.

18.- A responsabilidade da Administración pública: Caracteres. Os orzamentos da responsabilidade. Danos resarcibles. A acción e o procedemento administrativo en materia de responsabilidade: Procedemento xeral e procedemento abreviado. A responsabilidade patrimonial das autoridades e persoal ao servizo das Administracións públicas.

19.- O Municipio: Concepto e elementos. O termo municipal: O problema da planta municipal. Alteracións de termos municipais. Lexislación básica e lexislación autonómica. A poboación municipal. O Padrón de habitantes. O estatuto dos veciños. Dereitos dos estranxeiros.

20.-A organización municipal. Órganos necesarios: Alcalde, Tenentes de Alcalde, Pleno e Xunta de Goberno Local. Órganos complementarios: Comisións Informativas e outros órganos. Os grupos políticos e os concelleiros non adscritos. A participación veciñal na xestión municipal. O concello aberto. Outros réximes especiais. Especialidades do réxime orgánico-funcional nos municipios de gran poboación.

21.-. As competencias municipais: Sistema de determinación. Competencias propias, delegadas e competencias distintas das propias. A sustentabilidade financeira da facenda local como presuposto do exercicio das competencias. Os convenios sobre exercicio de competencias e servizos municipais. Os servizos mínimos.

22.- A provincia como entidade local. Organización e competencias. A cooperación municipal. As relacións entre as Comunidades Autónomas e as Deputacións Provinciais. Réximes especiais. As Illas: Os Consellos e Cabildos Insulares. A coordinación na prestación de determinados servizos polas Deputacións Provinciais.

23.- As formas de acción administrativa das entidades locais. A actividade de policía: A intervención administrativa local na actividade privada. As autorizacións administrativas: As súas clases. O réxime das licenzas. A comunicación previa e a declaración responsable.

24.-O patrimonio das entidades locais. Bens de dominio público e bens patrimoniais: concepto, natureza e elementos. Afectación e mutacións demaniais. Utilización: reserva e concesión.

25.- Prerrogativas e potestades das entidades locais en relación cos seus bens. Os bens comunais. O inventario. Os montes veciñais en man común

26.- Os tributos locais: Principios. A potestade regulamentaria das Entidades Locais en materia tributaria: Contido das ordenanzas fiscais, tramitación e réxime de impugnación dos actos de imposición e ordenación de tributos. O establecemento de recursos non tributarios.

27.- O Orzamento Xeral das Entidades locais. Estrutura orzamentaria. Elaboración e aprobación: Especial referencia ás Bases de execución do Orzamento. A prórroga do Orzamento. A execución e liquidación do Orzamento.

28.- O sistema electoral local. Causas de inelixibilidade e incompatibilidade. Elección dos Concelleiros e Alcaldes. Elección de Deputados Provinciais e Presidentes de Deputacións provinciais. Elección de Conselleiros e Presidentes de Cabildos e Consellos Insulares.

29.- O persoal ao servizo das Entidades Locais: Clases e réxime xurídico. A función pública local: Clases de funcionarios locais. O acceso aos empregos locais: Principios reguladores. Requisitos. Sistemas selectivos. A extinción da condición de empregado público. O réxime de provisión de postos de traballo: Sistemas de provisión. As situacións administrativas dos funcionarios locais.

30.- Os dereitos dos funcionarios locais. Dereitos individuais. Especial referencia á carreira administrativa e ás retribucións. Dereitos colectivos. Sindicación e representación. O dereito de folga. A negociación colectiva.

#### TEMAS ESPECÍFICOS

1.- Aspectos xerais da evolución do urbanismo en España. Distribución de competencias en materia de urbanismo. Lexislación estatal e autonómica. A Sentenza 61/1997 do Tribunal Constitucional.

2.- O Real Decreto Lexislativo 7/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Chan e Rehabilitación Urbana. Antecedentes, obxecto e disposicións xerais.

3.- Réxime urbanístico da propiedade do solo: as situacións básicas do solo. Dereitos e deberes dos cidadáns. Réxime urbanístico do dereito de propiedade. Contido do dereito de propiedade segundo o Real decreto lexislativo 2/2008, de 20 de xuño, de solo. Incidencias na transmisión de fincas e declaración de obra nova.

4.- Réxime urbanístico da propiedade do solo. Clases de solo e réxime das mesmas na lexislación autonómica de Galicia.

5.- O Planeamento urbanístico na lexislación autonómica de Galicia: clases de plans. Procedemento de elaboración e aprobación. Efectos da aprobación dos plans. Modificación e revisión dos plans. Normas de directa aplicación.

6. O Plan Xeral de Ordenación Municipal: Obxecto, determinacións, documentación.

7.- Os Plans Parciais: Obxecto, determinacións, documentación, procedemento de aprobación. Plans de sectorización.

8.- Os Plans Especiais: finalidades. Os Plans Especiais de Protección e rehabilitación e mellora do medio rural. Plans Especiais de Reforma Interior. Os Plans Especiais de Protección.

9.- Outros instrumentos de Planeamento: Os Estudos de Detalle, os Catálogos.

10.- Execución do plan. Disposicións Xerais. Áreas de repartición. Aproveitamento tipo. Polígonos de execución. Regras xerais para a equidistribución.

11.- Sistemas de actuación. Sistema de cooperación. Sistema de expropiación. Sistema de concerto. Sistema de compensación. Obtención de terreos de sistemas xerais e locais.

12.- Obtención de terreos de sistemas xerais e locais. Patrimonios públicos do chan. Bens que o integran e destino.

13.- A intervención na edificación e no uso do solo. As licenzas: actos suxeitos a licenza, actos promovidos polas administracións públicas. As comunicacións previas: actos suxeitos a comunicacións previas especial referencia á ordenanza reguladora das comunicacións previas do concello de Burela. Contido do proxecto técnico de obra, contido da licenza, licenza de 1ª ocupación, silencio administrativo na concesión de licenzas. Os informes sectoriais.

14.- Deber de conservación e ruína. Inspección periódica de construcións: A ITE. Ordes de execución. A declaración de ruína.

15.- As parcelacións urbanísticas, indivisibilidade. Réxime das parcelacións.

16.- A inspección urbanística. Protección da legalidade urbanística. Obras sen a preceptiva autorización administrativa ou contrarias as súas condicións. Inexactitude, falsidade e omisión de datos nas comunicacións previas de obras. A restauración da legalidade urbanística.

17.- Infraccións e sancións urbanísticas. Prescrición, persoas responsables, órganos competentes para imposición de sancións, o procedemento sancionador. Convenios urbanísticos.

18.- PXOM de Burela. Normas de carácter xerais. Normas de intervención na edificación e uso do solo. Normas xerais de ordenación e aproveitamento. Normas xerais das edificacións.

19.- PXOM de Burela. Normas xerais de urbanización. Normas sobre usos. Sistemas xerais. Solo urbano. Solo urbanizable. Solo rústico. Protección do Patrimonio.

20.- Valoración inmobiliaria. A Orde ECO/805/2003. Sistemas de valoración. Método residual estático e dinámico. Método do custe. Método de capitalización das rendas. Método de comparación. Réxime de valoración segundo o TRLSRU. Valoración do solo e as construcións en situación de rural. Valoración do solo e construcións en situación de urbanizado. Valoración en caso de solos sometidos a actuacións de transformación. Real decreto 1492/2011, do 24 de outubro, polo que se aproba o regulamento de valoración da Lei do solo. Disposicións xerais. Conceptos e criterios xerais para a realización das valoracións. Valoración en situación de solo rural. Valoración en situación de solo urbanizado. Indemnización e gastos de urbanización.

#### NORMATIVA TÉCNICA

- 1.- A Lei 38/1999, de ordenación da edificación. Esixencias técnicas e administrativas da edificación. Axentes. Responsabilidades e garantías. Disposicións relacionadas coa edificación, redacción de proxectos e dirección de obras.
- 2.- O Código técnico da edificación: Disposicións xerais. Contido. Condicións técnicas e administrativas. Condicións do proxecto, na execución da obra e do edificio.
- 3.- O CTE: DB-SE: seguridade estrutural, accións na edificación, cimentos, aceiro, fábrica e madeira.
- 4.- O CTE: DB-SI: Seguridade en caso de incendio e DB-SUA Seguridade de utilización e accesibilidade
- 5.- O CTE: DB-HS Salubridade. DB-HR protección contra o ruído. DB-HE Aforro de enerxía.
- 6.- As Normas de habitabilidade de vivendas de Galicia.
- 7.- Condicións de accesibilidade e supresión de barreiras: Lei 8/1997, do 10 de agosto. Regulamento para o desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade: Decreto 35/2000.
- 8.- Instalacións de telecomunicacións. Disposicións sobre infraestruturas comúns nos edificios para acceso ós servizos de telecomunicacións. Real decreto Lei 1/1998 e Real decreto 346/2011, do 11 de marzo, polo que se aproba o Regulamento regulador das infraestruturas comúns de telecomunicacións para o acceso ós servizos de telecomunicación no interior das edificacións.

#### NORMATIVA SECTORIAL

- 1.- A protección do medio ambiente. Lexislación comunitaria, estatal e autonómica. Aspectos xerais. A Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.
- 2.- Real Decreto 2816/1982, de 27 de agosto, por el que se aproba o Regulamento xeral de espectáculos públicos e actividades recreativas. Decreto 292/2004, do 18 de novembro, polo que se aproba o catálogo de espectáculos públicos e actividades recreativas da Comunidade Autónoma de Galicia. Aspectos xerais e a súa incidencia sobre as licenzas.
- 3.- Comunicación previa en materia de actividades. A Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e da competitividade económica de Galicia. Efectos das comunicacións previas. Actuacións de comprobación. Avaliación ambiental de actividades. Declaración de incidencia ambiental. Entidades de certificación de conformidade municipal. Réxime sancionador.
- 4.- Lei 10/1995, de ordenación del territorio. As directrices de ordenación do territorio de Galicia.
- 5.- Plan de ordenación do litoral.
- 6.- O patrimonio cultural: evolución do concepto de patrimonio ó través dos documentos e cartas internacionais. criterios de intervención nos conxuntos históricos artísticos e nos edificios históricos. Evolución histórica da lexislación estatal e autonómica de protección do patrimonio cultural. Lei 5/2016, do 4 de maio, do patrimonio cultural de Galicia.
- 7.- Lexislación en materia de augas. Dominio público hidráulico. A súa incidencia no urbanismo.
- 8.- Lexislación en materia de costas. Dominio público marítimo-terrestre. A súa incidencia no urbanismo.
- 9.- Lei 18/2008, do 29 de decembro, de vivenda de Galicia. Actuacións protexidas en materia de rehabilitación.
- 10.- Estradas e ferrocarrís: lexislación estatal e autonómica. A súa incidencia no urbanismo.
- 11.- Normativa sobre protección contra a contaminación acústica e incidencia no procedemento de concesión de licenzas. A ordenanza municipal de protección do medio contra a contaminación acústica producida por ruidos e vibracións. Zonas acusticamente saturadas.
- 12.- Lei 8/2012, de 29 de xuño, de vivenda de Galicia.

## ANEXO II

## MODELO DE INSTANCIA

## 1.DATOS PERSOAIS:

Nome	Primeiro apelido	Segundo apelido	
DNI/NIE	Data de nacemento	Nacionalidade	Sexo
			Varón <input type="checkbox"/> Muller <input type="checkbox"/>

## 2. ENDEREZO A EFECTOS DE NOTIFICACIÓN E DATOS DE CONTACTO:

Tipo de Vía	Denominación	Núm.	Bloque	Portal	Piso	Porta
Código Postal	Localidade	Provincia				
Teléfono fixo	Teléfono móbil	Enderezo Electrónico				

## 3. DATOS DA CONVOCATORIA:

Praza/posto convocado	Clase de persoal	Data BOP
BOLSA DE EMPREGO		

## 4. EXPOÑO:

Que reúno todos e cada un dos requisitos esixidos na convocatoria, en concreto os seguintes:

- Ter nacionalidade española ou tela doutro Estado sempre que se cumpran os requisitos do art. 57 do EBEP.
- Ter cumpridos 16 anos de idade.
- Posuír o título académico de: ..... ou equivalente.
- Posuír a capacidade funcional para o desempeño das funcións do emprego convocado.
- Non estar inhabilitado nin suspendido para o exercicio de funcións públicas e non ter sido separado do servizo dunha Administración Pública.

mesmo, manifesto que solicito a adaptación das probas polos motivos que se expresan.

(En folio aparte especificar os motivos da minusvalía e as adaptacións que solicita).

## 5. DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA

(CUBRIR NO REVERSO)

## SOLICITO:

Ser admitido á convocatoria citada, a fin de participar no proceso selectivo correspondente.

A persoa que asina SOLICITA participar nas probas selectivas ás que se refire esta solicitude, facendo constar que todos os datos consignados son certos, que coñece e acepta as bases da convocatoria e que reúne todas e cada unha das condicións esixidas nas mesmas, comprometéndose a entregar a documentación requirida.



Burela, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_

**(Sinatura do/a interesado/a)**

**SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE BURELA (LUGO).-**

Consonte ao disposto na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal, os seus datos serán tratados de xeito confidencial. Poderán ser incorporados aos ficheiros do Concello de Burela (Lugo) relacionados con este trámite, coa finalidade de utilízalos para as xestións municipais derivadas dos procedementos e consultas que inicia a persoa interesada con esta solicitude. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición comunicándoo mediante escrito que deberá presentar no Rexistro Xeral do Concello.

## MÉRITOS APORTADOS E ACREDITADOS POLOS ASPIRANTES.

a) EXPERIENCIA PROFESIONAL (Máx. 4 puntos).	

b) FORMACIÓN ACADÉMICA (Máx. 1,5 puntos)			
c) FORMACIÓN COMPLEMENTARIA (Máx. 3,5 puntos).			
d) IDIOMA GALEGO (Máx. 1 punto).			

Burela, 27 de novembro de 2019.- O ALCALDE, Alfredo Llano García

3637

---

## LUGO

### *Anuncio*

#### **DELEGACIÓN DE COMPETENCIAS**

A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada o día 13 de novembro de 2019, adoptou entre outros o acordo 15/730 delegar as competencias, na Concelleira Delegada de Benestar Social, Inclusión e persoas maiores, para a resolución de todos os actos de trámite e resolutivos en relación coa contratación do servizo de organización e cátering para a conmemoración do Día Internacional de persoas maiores 2019. Expdte ref: 2019-090.

Por todo o cal e con base no sinalado no artigo 9 da Lei 40/15 do 1 de outubro, do réxime xurídico do Sector Público expónse ó público no Boletín Oficial da Provincia para xeral coñecemento.

Lugo, 28 de novembro de 2019.- A CONCELLEIRA DELEGADA DA ÁREA DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS, Mercedes Paula Alvarellos Fondo.

R. 3639

---

## MEIRA

### *Anuncio*

#### **APROBACIÓN INICIAL DE EXPEDIENTE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO**

O Pleno do Concello de Meira, en sesión ordinaria celebrada o día 3 de decembro de 2019, acordou a aprobación inicial do expediente de transferencia de créditos entre aplicacións de distinta área de gasto.

En cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 179.4 do Real decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, sométese o expediente á información pública polo prazo de quince días, contados desde o día seguinte da inserción deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

Se transcorrido ese prazo non se presentan alegacións, considerarase aprobado definitivamente o acordo inicialmente adoptado.

Meira, 3 de decembro de 2019.- O Alcalde Accidental, Agustín Méndez Moirón.

R. 3690

---

### *Anuncio*

#### **APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO DO ANO 2020**

Aprobado inicialmente polo Pleno deste concello, en sesión ordinaria celebrada o día 3 de decembro de 2019, o orzamento xeral, bases de execución, e o cadro de persoal funcionario, laboral e eventual para o exercicio económico 2020, conforme o previsto no artigo 169 do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, e o artigo 20 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, exponse ao público o expediente e a documentación integrante do mesmo por o prazo de quince (15) días desde a publicación deste anuncio no BOP de Lugo, para os que teñan a condición de interesados poidan presentar reclamacións ou alegacións.

Durante o devandito prazo poderá ser examinado por calquera interesado nas dependencias municipais para que se formulen as alegacións que se estimen pertinentes.

De conformidade co disposto na Lei das facendas locais, o orzamento considerárase definitivamente aprobado, se durante o citado prazo non presentan reclamacións.

Meira, 3 de decembro do 2019.- O Alcalde Accidental, Agustín Méndez Moirón

R. 3691

## MONTERROSO

O Pleno do Concello de Monterroso en sesión ordinaria celebrada o 26/09/19 acordou aprobar inicialmente a modificación da ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de sumidoiros e de depuración do Concello de Monterroso para 2020. O citado acordo foi exposto ao público polo prazo de 30 días hábiles mediante anuncio publicado no BOP de 15 de outubro de 2019 sen que durante ese prazo se presentase reclamación algunha, polo que se entende definitivo o acordo inicialmente adoptado co texto que se transcribe:

ORDENANZA FISCAL POLA QUE SE MODIFICA A REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACION DOS SERVIZOS DE SUBMINISTRACIÓN DE AUGA.

### ARTIGO ÚNICO:

O artigo 3 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación dos servizos de subministración de auga, queda redactado como segue:

A cota tributaria liquidarase trimestralmente mediante a aplicación das seguintes tarifas:

### 1.- TARIFAS DO SERVIZO DE ABASTECIMENTO

	<u>Ano 2018</u>	<u>Ano 2019</u>
<u>Abonados domésticos:</u>		
<u>Cota fixa mensual</u>	2,27 Eur/hab.mes	2,28 Eur/hab.mes
<u>Consumo</u>		
1º Bloque: 0 a 10 m <sup>3</sup> /hab.mes	0,389347 Eur/m <sup>3</sup>	0,390340 Eur/m <sup>3</sup>
2º Bloque: de 11 a 20 m <sup>3</sup> /hab.mes	0,408813 Eur/m <sup>3</sup>	0,409856 Eur/m <sup>3</sup>
3º Bloque: máis de 21 m <sup>3</sup> /hab.mes	0,412708 Eur/m <sup>3</sup>	0,413760 Eur/m <sup>3</sup>
<u>Abonados non domésticos:</u>		
<u>Cota fixa mensual</u>	2,24 Eur/hab.mes	2,25 Eur/hab.mes
<u>Consumo</u>		
1º Bloque: de 0 a 15 m <sup>3</sup> /hab.mes	0,412708 Eur/m <sup>3</sup>	0,413760 Eur/m <sup>3</sup>
2º Bloque: de 16 a 30 m <sup>3</sup> /hab.mes	0,486994 Eur/m <sup>3</sup>	0,488236 Eur/m <sup>3</sup>
3º Bloque: máis de 30 m <sup>3</sup> /hab.mes	0,588321 Eur/m <sup>3</sup>	0,589821 Eur/m <sup>3</sup>
<u>Abonados explotacións gandeiras:</u>		
<u>Cota fixa mensual</u>	2,21 Eur/hab.mes	2,22 Eur/hab.mes
<u>Consumo</u>		
1º Bloque: de 0 a 15 m <sup>3</sup> /hab.mes	0,209473 Eur/m <sup>3</sup>	0,210007 Eur/m <sup>3</sup>
2º Bloque: de 16 a 30 m <sup>3</sup> /hab.mes	0,243497 Eur/m <sup>3</sup>	0,244118 Eur/m <sup>3</sup>
3º Bloque: máis de 30 m <sup>3</sup> /hab.mes	0,294161 Eur/m <sup>3</sup>	0,294911 Eur/m <sup>3</sup>

### 2.- PREZOS DE ACOMETIDAS, CONTADORES E OUTROS

#### 2.1.- ACOMETIDAS DE ABASTECIMENTO

Faise o cálculo en base á acometida normal de 3 m. de lonxitude media (1 a 5 m.)

#### MATERIAIS

- 1 Ud. collarín de toma
- Ud. enlaces
- 1-5 Ml. tubería P.E.

- 1 Ud. chave de paso  
1 Ud. arquetilla de fundición de 15 x 25 cm.

## OBRA CIVIL

- 1 Ud. arqueta c/tapa  
1-5 Ml. zanja (apertura, cerre e reposición)

Fanse prezos diferentes dependendo do diámetro da acometida e do tipo de reposición a realizar na zanja.

<u>Ø Acometida</u>	<u>Terra (A)</u>	<u>Asfalto (B)</u>	<u>Baldosa-acera (C)</u>
¾"	189,91	244,58	292,92
1"	204,68	258,31	303,95
1½"	246,25	300,41	346,08
2"	293,04	346,08	392,32

Incremento no prezo da acometida para lonxitudes superiores a 5 m.

<u>Acometidas de máis de 5 mts.</u>	<u>¾"</u>	<u>1"</u>	<u>1½"</u>	<u>2"</u>
(A) incremento Eur. por m.	9,19	10,75	15,34	25,72
(B) incremento Eur. por m.	20,19	21,81	26,37	36,79
(C) incremento Eur. por m.	24,33	25,83	30,43	40,81

2.2- CONTADORES2.2.1.- Instalación de contador (Ø13 mm) en batería ou similar

- Contador de 13 mm.
- Válvula antiretorno
- Pezas conexión

Prezo contador instalado                      80,87 Eur/ud.

2.2.2.- INSTALACION DE CONTADOR DE Ø SUPERIOR A 13 mm.

Para contadores de diámetros superiores farase un presuposto previo.

2.2.3.- TARIFA DE CONTADORES (sen colocación)TARIFA DE CONTADORES

(sen colocación)

Ø13 mm.	55,49	Eur/ud
Ø15 mm.	63,18	Eur/ud
Ø20 mm.	77,10	Eur/ud
Ø25 mm.	125,59	Eur/ud
Ø30 mm.	175,57	Eur/ud
Ø40 mm.	272,16	Eur/ud
Ø50 mm.	594,66	Eur/ud
Ø65 mm.	737,18	Eur/ud

3.- XESTIÓN DE COBRO AOS ABONADOS MOROSOS

Cobro ós abonados morosos dos gastos ocasionados pola comunicación certificada dos recibos pendentes de pago.                      4,19 Eur/ud.

4.- DESPRECINTADO DE CONTADOR

Por desprecintado de contador                      19,04 Eur/ud.

5.- CONEXIÓN Á REDE DE ABASTECIMENTO E PRECINTADO DE RACORES

Por conexión á rede e precintado dos racores de contadores non colocados polo persoal do servizo                      19,04 Eur/ud.

-----  
 NOTA: tódolos prezos veranse gravados co I.V.E. correspondente.

**ORDENANZA MODIFICATIVA DA REGULADORA DA TAXA DE REDE DE SUMIDOIROS E DEPURACIÓN**

Artigo único.- O artigo 5º da ordenanza fiscal reguladora da taxa por rede de sumidoiro queda redactado como segue:

“Artigo 5º.- Cota tributaria.....

A tal efecto aplicaranse as seguintes tarifas:

Tarifa 1. Rede de sumidoiros

Cota

Epígrafe 1.- Vivendas e locais destinados a usos distintos

dos de vivenda ..... 12,92 euros por ano

Epígrafe 2.- Centro Penitenciario ..... 3.064,63 euros por ano

Tarifa 2. Depuración

Cota

1.- Abonados do servizo de saneamento que o sexan tamén do servizo de abastecemento

Ano 2018

Ano 2019

Por cada m<sup>3</sup> consumido no servizo de abastecemento

0,331237 €/ m<sup>3</sup>

0,332082 €/ m<sup>3</sup>

2.- Abonados do servizo de saneamento que non consuman auga da rede municipal (total ou parcialmente) ou non teñan contador.

- Doméstico e comercial (media: 10 m<sup>3</sup>/mes)

9,9341 €/ trim

9,9594 €/ trim

Industrial e obras (media: 20 m<sup>3</sup>/hab.mes)

19,8735 €/ trim

19,9241 €/ trim

Monterroso, 28 de novembro de 2019.- O Alcalde, Antonio Edelmiro Gato Soengas.

R. 3642

**PANTÓN**

*Anuncio*

O Pleno do Concello de Pantón, en sesión *ordinaria* celebrada o día 31/10/2019 acordou a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos do orzamento en vigor na modalidade de crédito extraordinario 2-2019, financiado con cargo *ao remanente líquido de Tesouraría*.

E en cumprimento do disposto no artigo 169.1 por remisión do 177.2 do Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, sométese o expediente a exposición pública polo prazo de quince días a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no *Boletín Oficial da Provincia de Lugo*, para que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que estimen oportunas.

Se transcorrido o prazo non se presentasen alegacións, considerarase aprobado definitivamente o acordo.

Pantón, 22 de novembro de 2019.- O Alcalde, Jose Luis Alvarez Blanco.

R. 3643

*Anuncio*

Por Decreto de Alcaldía Nº 253/2019 de 27 de novembro apróbanse as Bases do proceso selectivo e convocatoria para a contratación un educador/a social como persoal laboral temporal a xornada completa:

- Un/a Educador/a Social .

**Prazo de presentación de instancias:** Quince días hábiles a contar dende o día seguinte a publicación deste anuncio (de 9:00 a 14:00 horas, no Rexistro xeral do concello), tamén poderán remitirse na forma determinada no artigo 16.4 da Lei 39/2015 segundo o establecido na base sétima.

**Bases dos procesos de selección:** publicadas na páxina web do concello [www.concellodepanton.es](http://www.concellodepanton.es) e no Taboleiro de Edictos da Casa do concello.

Pantón, 27 de novembro de 2019.- O Alcalde, José Luis Álvarez Blanco.

R. 3644

---

## PORTOMARÍN

### *Anuncio*

Visto o Regulamento e bases xerais e específicas da bolsa municipal de emprego para a contratación de persoal laboral temporal para axuda no fogar.

Visto que dito Regulamento foi aprobado polo Pleno do Concello en data 17-12-2015 e publicado definitivamente no BOP nº 37 de 16 de febreiro e posteriormente modificado mediante Resolución de alcaldía de data 18 de maio de 2018.

Visto que o artigo 70 do Estatuto Básico do Empregado Público no seu texto ten previsto que, para a celebración dos procesos nos que se contrate persoal laboral temporal admite un prazo máximo de tres anos de duración, aplicarase dito prazo, modificándose oo apartado 4.2 das bases xa publicadas definitivamente no B.O.p. nº 37 de 16 de febreiro de 2016 que di: "4.2- Nas listas estableceranse un titular ou titulares se é o caso e suplentes, tendo validez esta lista por un período de un ano", **deberá decir: "4.2-.....tendo validez esta lista por un período máximo de tres anos"**.

As instancias en modelo oficial (anexo I do presente) as que poderán concurrir as persoas que reúnen os requisitos sinalados no artigo 3 e 4 do regulamento, dirixiranse ao Sr. Alcalde acompañado dos documentos a que refiren os artigos 2 e 3 das bases xerais. Estas estarán a disposición dos participantes na páxina web do Concello, así como no taboleiro de anuncios do mesmo. O prazo de presentación é de dez días hábiles a partir do día seguinte á publicación no BOP

**ANEXO I****MODELO DE SOLICITUDE DE INSCRICIÓN NA BOLSA DE EMPREGO****DATOS DA PERSOA SOLICITANTE:****Nome:****DNI / NIE:****Enderezo:****C.P. / Poboación / Provincia:****Teléfono fixo:****Teléfono móbil:****E-mail:****Data de nacemento:****Nacionalidade:****Sexo: Situación familiar:****Carné de conducir:****Clase:****Vehículo:****EMPREGOS PREFERENTES:**

1. Auxiliar de Axuda no Fogar

**DISPONIBILIDADE:****Xornada laboral:****Horario:****Lugar:** Portomarín e entorno (40 Kms).**OBSERVACIÓNS:**

-----

Solicito formar parte da Bolsa de Emprego do Concello de Portomarín para o posto ao que se opta de Auxiliar de Axuda no fogar, recoñecendo que fun informada do funcionamento da mesma e comprometendome a cumprir coas obrigacións deste servizo. Así mesmo, declaro que os datos aportados son certos na súa totalidade e responsabilizome de comunicar ó equipo técnico encargado da xestión desta Bolsa de Emprego calquera variación nos mesmos, co obxecto de manter actualizada a miña solicitude.

Son consciente de que para poder levar a cabo a incorporación da miña solicitude á Bolsa de Emprego é precisa a cesión de datos de carácter persoal (L.O. 15/1999, de 13 de decembro) polo que concedo a mesma, autorizando ó Concello de Portomarín ao procesamento informático dos datos aportados, co único obxecto de pertencer a súa bolsa de emprego e proceder á difusión destes datos de cara a cumprir os obxetivos da mesma. Así mesmo, rexeito o uso dos datos aportados para calquera outra finalidade non vinculada á Bolsa de Emprego.

**Lugar e data da solicitude.****Sinatura.**

Portomarín, a de 20

Concello Portomarín

D./dona



Portomarín, 22 de novembro de 2019.- O Alcalde Juan Carlos Serrano López.

R. 3645

## TABOADA

### *Anuncio*

#### **CONVOCATORIA DE EMPREGO.**

O Concello de Taboada por Resolución de Alcaldía de data 18.11.2019 aprobou a convocatoria e por Resolución de Alcaldía de data 18.11.2019 aprobou as bases para seleccionar **1 PEÓN DE OBRAS.**

- Modalidade de contratación: contrato temporal por obra ou servizo determinado.
- Duración: 8 meses
- Xornada: parcial ao 75 %
- Salario: a retribución mensual bruta será de 965,34 incluído o rateo das pagas extra.
- Funcións: propias de peón de obras segundo se recolle nas bases.
- Prazo para presentación de solicitudes: **5 días hábiles** a partir da publicación do presente anuncio BOP DE LUGO e no Taboleiro de anuncios do Concello de Taboada.

No caso de solicitudes por correo, rógase aviso por fax ao 982 46 50 89.

As bases atópanse dispoñibles en:

- paxina web: : [www.concellotaboada.es](http://www.concellotaboada.es)
- oficinas xerais do Concello de Taboada.
- no taboleiro de anuncios do Concello de Taboada

Taboada, 18 de novembro de 2019.- O Alcalde, Ramiro Moure Ansoar.

R. 3628

## ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA

### XULGADO DO SOCIAL N. ° 2 GIJÓN

#### *Anuncio*

D. GONZALO PEREZ VAZQUEZ, Letrado de la Administración de Justicia del Juzgado de lo Social nº 002 de GIJON, HAGO SABER:

Que en el procedimiento EJECUCION DE TITULOS JUDICIALES 0000099 /2019 de este Juzgado de lo Social, seguidos contra la empresa ALLDECOR GALICIA SOCIEDAD LIMITADA, sobre DESPIDO IMPROCEDENTE, se ha dictado **la resolución cuyos datos se hace constar a continuación, de la que los interesados podrán tener conocimiento íntegro en la oficina judicial, y contra la que cabe interponer el recurso que se indica.**

- **RESOLUCIÓN:** Auto de fecha 22/11/2019
- **PLAZO para la interposición del recurso de reposición:** TRES DIAS
- **EMPRESA A QUIEN SE NOTIFICA:** ALLDECOR GALICIA SOCIEDAD LIMITADA,

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la Oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia o decreto cuando ponga fin al proceso o resuelva un incidente, o cuando se trate de emplazamiento.

Expido la presente para su inserción en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo.

En GIJON, a veintidós de noviembre de dos mil diecinueve.- **EL LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 3646

**XULGADO DO SOCIAL N. ° 2 LUGO**

D/Dª SINESIO NOVO FERNANDEZ, LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA DEL JUZGADO DE LO SOCIAL NÚMERO 002 DE LUGO.

**HAGO SABER:** Que por resolución dictada en el día de la fecha, en el proceso seguido a instancia de D. JOSÉ MANUEL VARELA PÉREZ contra ISEMPA S.L., en reclamación por DESPIDO, registrado con el nº DESPIDO/CESES EN GENERAL 642 /2019 se ha acordado, en cumplimiento de lo que dispone el artículo 59 de la LJS,  **citar a ISEMPA S.L., en ignorado paradero, a fin de que comparezca el día 24/01/2020 a las 09:40 horas, en Planta 4 - Sala 9 - Edif. Xulgados, para la celebración de los actos de conciliación y en su caso juicio, pudiendo comparecer personalmente o mediante persona legalmente apoderada, y que deberá acudir con todos los medios de prueba de que intente valerse, con la advertencia de que es única convocatoria y que dichos actos no se suspenderán por falta injustificada de asistencia.**

Asimismo, se ha acordado citar para su asistencia al acto de juicio al representante legal de ISEMPA S.L., a fin de practicar, en su caso, la prueba de interrogatorio de parte solicitada por el demandante, con apercibimiento que, de no comparecer y ser admitida la prueba propuesta, se podrán tener por ciertos los hechos de la demanda en que hubiere intervenido personalmente y le resultaren en todo o en parte perjudiciales.

Se advierte al destinatario que las siguientes comunicaciones se harán fijando copia de la resolución o de la cédula en el tablón de anuncios de la oficina judicial, salvo el supuesto de la comunicación de las resoluciones que deban revestir forma de auto o sentencia, o cuando se trate de emplazamiento.

En caso de que pretenda comparecer al acto del juicio asistido de abogado o representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, pondrá esta circunstancia en conocimiento del juzgado o tribunal por escrito, dentro de los dos días siguientes al de su citación para el juicio, con objeto de que, trasladada tal intención al actor, pueda éste estar representado técnicamente por graduado social colegiado, o representado por procurador, designar abogado en otro plazo igual o solicitar su designación a través del turno de oficio. La falta de cumplimiento de estos requisitos supone la renuncia de la parte al derecho de valerse en el acto de juicio de abogado, procurador o graduado social colegiado.

Y para que sirva de citación a **ISEMPA S.L.**, se expide la presente cédula para su publicación en el Boletín Oficial de la Provincia y colocación en el tablón de anuncios.

En LUGO, a diecinueve de noviembre de dos mil diecinueve. En LUGO, a diecinueve de noviembre de dos mil diecinueve.- **EL/LA LETRADO DE LA ADMINISTRACIÓN DE JUSTICIA.**

R. 3647

**MINISTERIO PARA A TRANSICIÓN ECOLÓXICA****CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DO CANTÁBRICO, O.A. COMISARÍA DE AUGAS**

**Expediente número: A/27/22239**

Asunto: Solicitud de concesión de un aprovechamiento de aguas

Peticionario: Jesús Amor Reimondo

Nombre del río o corriente: Cauce procedente del manantial A Cabana

Caudal solicitado: 3310 litros/día

Punto de emplazamiento: A Cabana

Término Municipal y Provincia: Trabada (Lugo)

Destino: Uso doméstico sin consumo humano y uso ganadero

**BREVE DESCRIPCIÓN DE LAS OBRAS:**

Arqueta de captación en la parcela 189 del polígono 5 y bombeo a varios abrevaderos. Conducción a depósito en la vivienda a abastecer.

Lo que se hace público para general conocimiento por un plazo de TREINTA DÍAS, contado a partir del siguiente a la fecha de publicación del presente anuncio en el Boletín Oficial de la Provincia de Lugo, a fin de que los que se consideren perjudicados con lo solicitado, puedan presentar sus reclamaciones, durante el indicado plazo, en el **Ayuntamiento de Trabada** , o en la Confederación Hidrográfica del Cantábrico (Comisaría de Aguas, Plaza de España nº 2, -33071-OVIEDO), donde estará de manifiesto el expediente.

Oviedo, 21 de novembro de 2019.- **EL TITULADO SUPERIOR DE GESTIÓN Y SERVICIOS COMUNES.** Pedro Granda Rodríguez.

R. 3612

---